

PROGRAMACIÓN
ÁREA DE
RELIXIÓN CATÓLICA
(Educación Infantil)

ÓSCAR CALVO ANEIROS

CRA de Valdoviño

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O C.R.A. de Valdoviño agrupa 3 unitarias repartidas por 3 parroquias do concello de Valdoviño, nun entorno rural.

O colexio é un centro que imparte Educación Infantil e o 1º ciclo de Primaria, contando cunha matrícula variable en función da unitaria.

A totalidade do alumnado do centro vive no entorno inmediato do mesmo, polo tanto pertence ao ambiente rural.

Aproximadamente o 40 % do alumnado asiste á clase de relixión. A formación relixiosa e moral católica pretende contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe. O sentido transcendente da vida —capacidade básica do individuo— está enraizado no máis profundo do ser, e o neno pode recoñecelo, segundo os niveis de aprendizaxe propios de cada idade, nos símbolos e signos do seu medio, nas experiencias relixiosas dos seus maiores, na cultura que se transmite na escola. Non podería existir unha formación integral se non se desenvolvesen todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa constitutivamente a capacidade transcendente. A ensinanza relixiosa pretende contribuír así á calidade da educación que preconiza a lei vixente, coa proposta e desenvolvemento dos coñecementos, valores e actitudes que conforman o currículo da ensinanza relixiosa católica.

Esta formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español e, respondendo a razóns profundas da institución escolar e a dereitos humanos recoñecidos pola Constitución española, está garantida actualmente polo Acordo suscrito entre o Estado español e a Santa Sé sobre Ensinanza e Asuntos Culturais, asinado o 3 de xaneiro de 1979, no cal se establecen os principios que fan posible as garantías constitucionais.

A ensinanza relixiosa católica na Educación Infantil, parte da experiencia do neno nesta idade de 3 a 6 anos en referencia a tres grandes ámbitos: a identidade e autonomía persoal, o descubrimento do medio físico e social, e a comunicación e representación da realidade. Estes tres ámbitos de experiencia non son tratados de forma fragmentada ou independente uns doutros, senón en mutua relación e interdependencia. A experiencia relixiosa do neno medra á vez que se desenvolve a súa autonomía e identidade persoal en relación co medio.

A ensinanza relixiosa católica pretende achegar o neno ás claves principais da fe cristiá, axudalo a descubrir esta experiencia no seu medio, e a que el mesmo desenvolva as súas facultades de expresión e a que se inicie nos elementos primeiros que facilitan a comunicación con Deus. A síntese da mensaxe cristiá que se presenta no currículo fundamenta e motiva os valores e actitudes básicos, favorece os hábitos de comportamento, e contribúe tamén ao desenvolvemento de destrezas e habilidades que se exercitan nos tres ámbitos de experiencia enunciados. Para iso, este currículo válese dos elementos cristiáns presentes no medio do alumno, as imaxes e símbolos, a linguaxe e outros recursos que fan posible a comprensión da experiencia relixiosa axeitada a esta idade.

OBXECTIVOS XERAIS NA EI

Ao rematar a Educación Infantil preténdese que o/a neno/a sexa quen de:

1. Descubrir e coñecer o propio corpo, regalo de Deus, promovendo a confianza e o desenvolvemento das súas posibilidades persoais.
2. Observar as manifestacións do medio familiar, social e natural que expresan a vivencia da fe católica para sentirse membro da comunidade relixiosa á que pertence.
3. Observar e describir elementos e relatos relixiosos cristiáns que lle permitan ao neno desenvolver os valores e actitudes básicas de respecto, confianza, alegría e admiración.
4. Expresar e celebrar as tradicións, festas e aniversarios máis importantes, exercitando as primeiras habilidades motrices, para relacionarse cos demais e para acceder á oración, os cantos de gabanza e o sentido das festas relixiosas.
5. Favorecer a realización de actividades que promovan a participación, a cooperación e a xenerosidade como medio de expresar o amor de Deus e a fraternidade.
6. Descubrir que os cristiáns lle chaman Pai a Deus Creador de todas as cousas, e saben que está con todos nós, que nos quere e perdoo sempre.
7. Saber que Xesús naceu en Belén e é amigo de todos e nos quere, morreu por nós e resucitou para estar con nós.
8. Descubrir que a Virxe María é a Nai de Xesús e tamén Nai de todos os cristiáns, que forman unha gran familia.
9. Respectar as persoas e cousas do seu medio, coidalas e preocuparse delas, como Xesús fixo e nos ensina a facer.

OBXECTIVOS XERAIS PARA 4º DE EI

1. Descubrir e utilizar as propias posibilidades motrices, sensitivas e expresivas en relación coa manifestación de sentimentos.
2. Observar e nomear obxectos relixiosos que se poden atopar no medio familiar, social e natural.
3. Observar e iniciarse na comunicación dalgúns expresións fundamentais da fe cristiá.
4. Utilizar as posibilidades motrices, sensitivas e expresivas en relación coas manifestacións relixiosas.
5. Iniciarse na aprendizaxe de hábitos e actitudes de alegría e colaboración na súa relación familiar e escolar.
6. Observar e describir elementos e persoas do medio físico-social amosando interese e curiosidade.
7. Achegarse afectivamente aos principais personaxes do belén, e identificar a cada un deles.
Coñecer que Xesús naceu en Belén e é amigo de todos e nos quere.
8. Descubrir que a Virxe María é a nai de Xesús a través de pequenos relatos bíblicos.
9. Descubrir a necesidade do coidado e respecto polas persoas e obxectos do seu medio próximo.

OBXECTIVOS XERAIS PARA 5º DE EI

1. Progresar nas posibilidades de movemento e comunicación gozando cos logros acadados.
2. Recoñecer elementos e lugares relixiosos do medio próximo familiar, social e natural, iniciándose no respecto por estes.
3. Evocar e representar a través de diferentes medios de expresión algunhas manifestacións fundamentais da fe cristiá.
4. Observar e describir os hábitos e as condutas dos cristiáns nas diferentes celebracións relixiosas.
5. Progresar na adquisición de hábitos e actitudes de respecto, alegría, confianza, verdade... na súa relación cos demais.
6. Identificar e expresar sentimentos en relación cos demais recoñecendo a atención e o coidado como mostra de amor.
7. Identificar a Xesús como un amigo próximo que quere e axuda a todos.
8. Relacionar actitudes de coidado e cariño nas familias coas que tiña María cara a Xesús.
9. Amosar interese e curiosidade polas ensinanzas de Xesús en relación cos demais e co medio.

OBXECTIVOS XERAIS PARA 6º DE EI

1. Adquirir progresivamente coordinación e control do propio corpo na relación cos demais identificándoo como regalo de Deus.
2. Coñecer e respectar elementos e símbolos relixiosos do medio familiar, social e natural, sentíndose membro da comunidade á que pertence.
3. Utilizar distintos tipos de linguaxes para expresar diferentes manifestacións, sentimentos e actitudes relixiosas.
4. Recoñecer e expresar accións dos cristiáns nas celebracións relixiosas, así como as diferentes posibilidades de comunicación con Xesús.
5. Ter unha actitude de alegría, colaboración e respecto no ámbito familiar e escolar como o fan os amigos de Xesús.
6. Descubrir a Deus Pai como Creador de todo o que existe, recoñecendo na creación o amor polas persoas.
7. Coñecer e expresar diferentes momentos da vida de Xesús relacionándoos coa súa propia vida.
8. Identificar a Virxe María como nai de Xesús e de todos os cristiáns.
9. Respectar, coidar e preocuparse polas persoas e elementos do seu medio como Xesús fixo e nos ensinou.

ESTRUTURA E SECUENCIA DOS CONTIDOS

Á hora de seleccionar e secuenciar os contidos para cada un dos tres cursos de Educación Infantil tívoise en conta:

- As características psicoevolutivas dos nenos e nenas de tres, catro e cinco anos.
- As características do contexto sociocultural, en xeral, no que lles tocou vivir aos nosos alumnos.
- Os principios psicopedagóxicos fundamentais que sustentan o sistema educativo.
- Os coñecementos e experiencias que cremos que posúen os alumnos nesas idades temperás.
- Os núcleos de interese máis próximos aos nenos en cada momento.
- As competencias básicas establecidas para a Educación Primaria e que teremos en conta en Infantil.
- As capacidades que queremos que acaden os alumnos ao rematar a Educación Infantil.
- Os contidos prescritivos da Comisión Episcopal de Ensinanza para a Educación Infantil.
- Os criterios de avaliación prescritivos pola Comisión Episcopal de Ensinanza.

Partimos sempre dos intereses dos alumnos nun determinado momento do seu proceso evolutivo, para axudarlles a construír, interpretar e aprender os contidos relixiosos. De aí o feito de que en tres anos sexan protagonistas os animais, en catro os personaxes bíblicos e en cinco os xogos a través dos cales descubrirán os símbolos relixiosos.

CONTIDOS REFERENCIAIS

1. O corpo humano obra de Deus Creador coa colaboración dos pais. A diferenciación sexual (neno-nena) como don recibido de Deus.
2. Valoración da saúde como regalo de Deus. Medios que Deus nos ofrece para conservar a saúde: a proximidade das persoas que nos atenden e queren, alimentos, vestido e limpeza.
3. A creación, obra de Deus e regalo para os seus fillos. Deus pide colaboración e respecto no coidado e uso da Natureza e das cousas. Gratitude e admiración pola creación.
4. Os símbolos relixiosos: a luz, a auga, o sal e o aceite.
5. Deus é o noso Pai, cóídanos e invítanos a servir os demais.
6. Deus fala. A Biblia, o libro santo dos cristiáns. Admiración e coidado do libro que contén a palabra de Deus.
7. Algúns textos importantes que se refiren, sobre todo, a Xesús e María (O Noso Pai, Ave María e algunhas expresións relixiosas da nosa tradición cristiá).
8. Algunhas palabras significativas para os cristiáns: Deus Pai, Xesús, o Fillo de Deus e o noso amigo, a Virxe María nai de Xesús e nai nosa, a Igrexa.
9. O amor de Xesús Cristo. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.
10. Xesús coida das persoas e preocúpase por elas. Algunhas pasaxes do evanxeo: a ovella perdida, as vodas de Caná, Xesús e os nenos.

11. O diálogo con Deus: a oración do cristián. O home con Deus para escoitalo, pedirlle axuda e darlle grazas.
12. Deus quere que nos amemos como El nos ama. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plan de Deus.
13. A manifestación do amor cristián en acenos concretos: saudar, axudar, compartir as cousas, perdoar e ser perdoados, e axudarlles aos compañeiros.
14. A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá. Somos os fillos de Deus e parte da súa familia, a Igrexa. Expresións de agradecemento e alegría por pertencer a unha familia.
15. O comportamento cos amigos, cos compañeiros da escola e coas persoas do medio.
16. Valor do domingo como festa do Señor resucitado. Principais festas cristiás. O canto como expresión relixiosa de gabanza, alegría e gratitude.
17. Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos próximos ao neno.

CONTIDOS DE 4º DE EI

- Algunhas palabras significativas para os cristiáns: Deus Pai, Xesús, o Fillo de Deus e o noso amigo, a Virxe María nai de Xesús e nai nosa, a Igrexa.
- Identificación de Paporroibo.
- Interese por coñecer a Paporroibo e Xesús.
- Algúns textos importantes que se refiren, sobre todo, a Xesús e María (O Noso Pai, Ave María, e algunhas expresións relixiosas da nosa tradición cristiá).
- Xesús, o noso amigo.
- Observación da figura de Xesús.
- Curiosidade polo contido das narracións propostas.
- O comportamento cos amigos, cos compañeiros da escola e coas persoas do medio.
- Narracións próximas aos nenos.
- Iniciación na escoita de narracións e audicións.
- Iniciarse no respecto cara aos demais.
- Deus quere que nos amemos como El nos ama. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plan de Deus.
- Hábitos e normas de relación cos demais.
- Descubrimento dos demais e achegamento a eles.
- Alegría e participación nas actividades.

- Algúns textos importantes que se refiren, sobre todo, a Xesús e María «O Noso Pai», «Ave María» e algunhas expresións relixiosas da nosa tradición cristiá.
- A Virxe María, nai de Xesús.
- Observación e imitación de accións.
- Proximidade e afectividade cara á figura de María.
- Deus fala. A Biblia, o libro santo dos cristiáns. Admiración e coidado do libro que contén a palabra de Deus.
- A Visitación.
- escoita atenta dun relato bíblico adaptado.
- Interese cara ás narracións bíblicas adaptadas.
- A manifestación do amor cristián en acenos concretos: saudar, axudar, compartir as cousas, perdoar e ser perdoados, e axudar os compañeiros.
- Normas sociais de relación cos demais.
- Utilización do saúdo como medio de relación.
- Alegría por asistir ao colexio e saudar á chegada.
- A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá. Somos fillos de Deus e parte da súa familia, a Igrexa. Expresións de agradecemento e alegría por pertencer a unha familia.
- O cariño da familia.
- Expresión de vivencias familiares.
- Gratitude polo cariño da súa familia.
- Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos próximos ao neno.
- O Nadal, festa cristiá.
- Identificación das figuras do Neno Xesús, María e Xosé.
- Interese por coñecer o verdadeiro motivo do Nadal.
- Valor do domingo como festa do Señor Resucitado. Principais festas cristiás. O canto como expresión relixiosa de gabanza, alegría e gratitude.
- O canto como expresión de alegría.
- Participación alegre nas actividades propostas.
- Gozo da alegría do canto.
- O amor de Xesús Cristo. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús (9).
- O nacemento de Xesús.
- escoita atenta e comprensión dunha adaptación bíblica.
- Actitude de cariño cara a Xesús e cara á súa familia.
- O canto como expresión relixiosa de gabanza, alegría e gratitude.
- Música e canto relixioso. As panxoliñas.
- Memorización de panxoliñas e aprender a cantalas.
- Alegría por participar nas celebracións festivas.
- A visita dos Reis Magos ao Neno. A fuxida a Exipto.
- Narración, dentro das súas posibilidades, das situacións descritas nas adaptacións bíblicas escoitadas.

- Curiosidade por coñecer feitos relacionados coa vida de Xesús. escoita atenta de adaptacións bíblicas.
- Deus quere que nos amemos como El nos ama. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plan de Deus.
- As manifestacións de cariño. Os regalos.
- Identificación de mostras de cariño e de sentimentos.
- Gratitude ante os regalos recibidos e iniciación na valoración correcta destes.
- O amor de Xesús Cristo. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.
- A arte relixiosa. Pintura.
- Observación de obras de arte relixiosa.
- Interese por descubrir a pintura relixiosa.
- A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá. Somos os fillos de Deus e parte da súa familia, a Igrexa. Expresións de agradecemento e alegría por ter unha familia.
- As actividades na familia.
- Evocación e descrición de situacións familiares.
- Colaboración e participación nas actividades propostas.
- O amor de Xesús Cristo. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.
- A infancia de Xesús.
- Evocación e descrición de diferentes etapas na vida dunha persoa.
- Curiosidade por coñecer diferentes momentos da vida de Xesús.
- Deus fala. A Biblia, o libro santo dos cristiáns. Admiración e coidado do libro que contén a palabra de Deus.
- Relato bíblico adaptado: Xesús perdido no Templo.
- escoita dunha narración secuenciada dun relato bíblico.
- Actitude de escoita ante narracións, cancións, etc.
- A manifestación do amor cristián en acenos concretos: saudar, axudar, compartir, perdoar e ser perdoados.
- Valores cristiáns e humanos: perdoar, compartir, dialogar, etc.
- Dramatización de situacións imaxinadas.
- Interese por solucionar os conflitos pacificamente.
- O comportamento cos amigos, cos compañeiros da escola e coas persoas do medio.
- Os sentimentos de alegría e gratitude.
- Expresión de sentimentos e vivencias.
- Valoración das mostras de cariño dos amigos.
- Deus é o noso Pai, cóidanos e invítanos a servir os demais.
- Adaptación bíblica do Bautismo de Xesús.
- Observación e identificación da figura de Xesús adulto.
- Interese por seguir coñecendo feitos da vida de Xesús.
- O amor de Xesús Cristo. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.
- Xoán Bautista, curmán de Xesús.
- Valoración dunha boa relación entre as persoas.

- Curiosidade por descubrir persoas próximas a Xesús.
- A manifestación do amor cristián en acenos concretos: saudar, axudar, compartir as cousas, perdoar e ser perdoados, e axudar os compañeiros.
- Acenos concretos do amor cristián: compartir, axudar, coidar.
- Evocación e descrición de situacións vividas.
- Respecto ante a manifestación de sentimentos e emocións.
- Deus quere que nos amemos como El nos ama. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plan de Deus.
- As mostras de cariño no medio próximo.
- Participación e colaboración en actividades propostas.
- Desenvolvemento de actitudes de cariño e tenrura cara aos demais.
- O amor de Xesús Cristo. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.
- A elección dos apóstolos.
- Observación e descrición de ilustracións da vida de Xesús.
- Actitude de escoita e gozo ao escoitar un relato da vida de Xesús.
- Xesús coida das persoas e preocúpase por elas. Algunhas pasaxes do Evanxeo: «A ovella perdida», «As vodas de Caná», «Xesús e os nenos».
- Os Apóstolos seguen e aprenden de Xesús.
- Identificación das accións dos amigos de Xesús.
- Admiración e respecto pola actitude dos Apóstolos cara a Xesús.
- O comportamento cos amigos, cos compañeiros da escola e coas persoas do medio.
- A escoita atenta.
- Realización de actividades colectivas de escoita.
- Gratitude pola escoita e atención dos demais.
- O diálogo con Deus: a oración do cristián. O home con Deus para escoitalo, pedirlle axuda e darlle grazas.
- Distintos medios de expresión. A oración.
- Expresión de sentimentos, ideas e oracións a Xesús.
- Confianza nas propias e variadas posibilidades de comunicación.
- Algunhas palabras significativas para os cristiáns: Deus Pai, Xesús, o Fillo de Deus e amigo noso, a Virxe María nai de Xesús e nai nosa, a Igrexa.
- María, nai de Xesús e nai nosa.
- Expresión de sentimentos e ideas.
- Gratitude cara á Virxe María e todas as nais.
- Algúns textos importantes que se refiren, sobre todo, a Xesús e María «O Noso Pai», «Ave María» e algunhas expresións relixiosas da nosa tradición cristiá.
- A arte relixiosa: pintura e escultura.
- Identificación de momentos da vida de Xesús en obras de arte relixiosa.
- Respecto e valoración das obras de arte relixiosa.
- Deus quere que nos amemos como El nos ama. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plan de Deus.

- As historias bíblicas traballadas no curso.
- Evocación e narración de contidos aprendidos.
- Atención e interese por lembrar o aprendido.
- Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos próximos ao neno.
- A despedida de Paporroibo.
- Utilización de diferentes técnicas plásticas.
- Gusto por participar en actividades plásticas.

CONTIDOS DE 5º DE EI

- O amor de Xesús Cristo. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.
- A Anunciación. O anxo Gabriel.
- Escoita atenta de narracións bíblicas adaptadas.
- Interese por coñecer feitos relacionados con Xesús.
- Deus é o noso Pai, cóídanos e invítanos a servir os demais.
- A Virxe María díxolle «si» a Deus Pai.
- Observación de ilustracións e escenas sobre a Anunciación.
- Alegría pola resposta da Virxe María ao mensaxeiro de Deus.
- O comportamento cos amigos, cos compañeiros da escola e coas persoas do medio.
- O reencontro con Paporroibo.
- Identificación e expresión dos propios sentimentos.
- Participación e colaboración en actividades grupais.
- Valoración da saúde como agasallo de Deus. Medios que Deus nos ofrece para conservar a saúde: a proximidade das persoas que nos atenden e queren, alimentos, vestido e limpeza.
- A confianza nos demais.
- Realización de accións guiadas coa confianza.
- Gratitude polas persoas que nos queren.
- Deus fala. A Biblia, o libro santo dos cristiáns. Admiración e coidado do libro que contén a palabra de Deus.
- A viaxe de María e Xosé de Nazaret a Belén.
- Achegamento a textos bíblicos relacionados coa familia de Xesús.
- Curiosidade por coñecer feitos relacionados con María e Xosé.
- O amor de Xesús Cristo. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.
- María e Xosé adaptáronse ás circunstancias.
- Iniciación na busca e na recollida de información.
- Sensibilización ante os problemas dos demais.
- Deus quere que nos amemos como El nos ama. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plan de Deus.
- A resolución de situacións difíciles.
- Identificación de situacións e busca de solucións.

- Actitude de confianza na propia capacidade de acción.
- O comportamento cos amigos, cos compañeiros da escola e coas persoas do medio.
- Os preparativos ante o nacemento de Xesús.
- Utilización de materiais diversos e desenvolvemento da capacidade creativa.
- Respecto pola quenda de palabra e pola opinión dos demais.
- Valor do domingo como festa do Señor Resucitado. Principais festas cristiás. O canto como expresión relixiosa de gabanza, alegría e gratitude.
- O Nadal, festa de celebración do nacemento de Xesús.
- Memorización de poesía e panxoliña do Nadal.
- Actitude de atención e gozo ao escoitar relatos do nacemento de Xesús.
- O amor de Xesús Cristo. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.
- Figuras principais do belén: María, Xosé e o Neno.
- Identificación dos personaxes principais do belén.
- Achegamento afectivo cara a Xesús e cara á súa familia.
- Algúns textos importantes que se refiren, sobre todo, a Xesús e María (O Noso Pai, Ave María e algunhas expresións relixiosas da nosa tradición cristiá).
- A arte relixiosa: cadros sobre o nacemento de Xesús.
- Observación guiada de cadros de pintura relixiosa.
- Admiración de obras de arte relixiosa.
- Deus quere que nos amemos como el nos ama. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plan de Deus .
- Festas e tradicións do Nadal.
- Expresión de tradicións do Nadal na casa e no colexio.
- Colaboración nos preparativos das festas do Nadal.
- Algúns textos importantes que se refiren, sobre todo, a Xesús e María «O Noso Pai», «Ave María» e algunhas expresións relixiosas da nosa tradición cristiá).
- Infancia de Xesús e do seu curmán Xoán o Bautista.
- Dramatización sinxela de secuencias narrativas.
- Interese por coñecer a relación de Xesús e Xoán Bautista.
- Xesús Neno medrou como os demais.
- Iniciación á análise de situacións paralelas.
- Desenvolvemento de actitudes de cariño e tenrura cara a Xesús.
- Deus quere que nos amemos como El nos ama. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plan de Deus.
- Diferentes sentimentos e emocións.
- Identificación dos signos que diferencian uns sentimentos doutros.
- Confianza nas posibilidades de expresión de sentimentos e emocións.
- O comportamento cos amigos, cos compañeiros da escola e coas persoas do medio.
- A relación coas persoas que queremos e nos queren.
- Expresión de situacións de axuda, coidado e cariño.
- Valoración das atencións e coidados dos que nos queren.

- Deus fala. A Biblia, o libro santo dos cristiáns. Admiración e coidado do libro que contén a palabra de Deus.
- O apóstolo Andrés. Algúns apóstolos eran pescadores.
- Comprensión de textos bíblicos adaptados.
- Interese e aprecio polos personaxes amigos de Xesús.
- O amor de Xesús Cristo. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.
- Os apóstolos escoitaban as palabras de Xesús.
- Observación e descrición de debuxos.
- Valoración e afán de imitación de actitudes positivas.
- O diálogo con Deus: a oración do cristián. O home con Deus para escoitalo, pedirlle axuda e darlle grazas.
- A oración. «O Noso Pai».
- Desenvolvemento da expresión oral.
- Curiosidade por coñecer oracións a Deus Pai.
- Deus quere que nos amemos como El nos ama. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plan de Deus.
- A comunicación cos demais e Xesús.
- Iniciación á capacidade de silencio e interiorización. Audición de pequenos fragmentos musicais.
- Disposición cara a unha correcta comunicación cos demais e con Xesús.
- Xesús coida das persoas e preocúpase por elas. Algunhas pasaxes do Evanxeo: «a ovella perdida», «as vodas de Caná», «Xesús e os nenos».
- O apóstolo Mateo e Xesús.
- Recordo e narración de historias contadas e novas.
- Actitude de interese e gozo na narración de relatos bíblicos.
- O amor de Xesús Cristo. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.
- A entrada de Xesús en Xerusalén e a Última Cea.
- Identificación de elementos relixiosos.
- Admiración e respecto polos símbolos relixiosos.
- Valor do domingo como festa do Señor Resucitado. Principais festas cristiás. O canto como expresión relixiosa de gabanza, alegría e gratitude.
- O domingo é o día da festa de Xesús.
- Escenificación de actividades propias da festa.
- Curiosidade por coñecer celebracións cristiás.
- O comportamento cos amigos, cos compañeiros da escola e coas persoas do medio.
- Traballo en equipo.

A colaboración.

- Manipulación correcta de materiais diversos.
- Actitude de colaboración en traballos ou xogos grupais.
- Deus fala. A Biblia, o libro santo dos cristiáns. Admiración e coidado do libro que contén a palabra de Deus.
- María Magdalena e a Resurrección de Xesús Cristo.

- Iniciación á análise de situacións.
- Valoración das accións e o cariño de María Magdalena cara a Xesús.
- O amor de Xesús Cristo. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.
- Os apóstolos ante a morte de Xesús.
- Comparación de diferentes actitudes e comportamentos.
- Respecto pola opinión dos demais.
- A manifestación do amor cristián en acenos concretos: saudar, axudar, compartir as cousas, perdoar e ser perdoados, e axudar os compañeiros.
- Os sentimentos e emocións na relación cos demais.
- Comunicación e explicación dos propios sentimentos por distintos medios de expresión.
- Confianza en si mesmo e nas súas posibilidades.
- Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos próximos ao neno.
- Elementos relixiosos ou non propios da Pascua no medio próximo.
- Desenvolvemento da observación e reflexión persoal.
- Interese por coñecer e comprender elementos do medio.
- Deus fala. A Biblia, o libro santo dos cristiáns. Admiración e coidado do libro que contén a palabra de Deus.
- O apóstolo Pedro e a súa relación con Xesús.
- Identificación de Pedro e da tarefa encomendada por Xesús.
- Curiosidade por coñecer a tarefa encomendada por Xesús a Pedro.
- A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá. Somos fillos de Deus e parte da súa familia, a Igrexa. Expresións de agradecemento e alegría por pertencer a unha familia.
- A Igrexa é a familia dos cristiáns.
- Observación do medio próximo e interpretación de símbolos.
- Interese por coñecer as actividades da Igrexa.
- O comportamento cos amigos, cos compañeiros da escola e coas persoas do medio.
- A despedida de Paporroibo e os seus amigos.
- Expresión de sentimentos e ideas mediante diferentes linguaxes.
- Valoración da amizade.
- Valor do domingo como festa do Señor Resucitado. Principais festas cristiás. O canto como expresión relixiosa de gabanza, alegría e gratitude.
- Diferentes tipos de linguaxe: musical e pictórica.
- Desenvolvemento da capacidade creativa.
- Participación e colaboración creativa en actividades propostas.

CONTIDOS DE 6º DE EI

- O comportamento cos amigos, cos compañeiros da escola e coas persoas do medio.
- O Val da Tranquilidade. Os xogos de pistas.
- Utilización de datos obtidos dunha narración para a realización dunha actividade.
- Aceptación das regras que rexen os xogos e alegría por participar neles.
- A manifestación do amor cristián en acenos concretos: saudar, axudar, compartir as cousas, perdoar e ser perdoados e axudar os compañeiros.
- Xesús e Paporroibo xuntos.
- Expresión de recordos e sentimentos sobre Xesús e Paporroibo.
- Participación e colaboración en actividades grupais.
- Deus fala. A Biblia, o libro santo dos cristiáns. Admiración e coidado do libro que contén a palabra de Deus.
- A Biblia, o libro máis importante para os amigos de Xesús.
- Identificación da Biblia como o libro máis importante para os cristiáns.
- Interese por coñecer a Biblia e a súa importancia para os amigos de Xesús.
- A Creación, obra de Deus e regalo para os seus fillos. Deus pide colaboración e respecto no coidado e uso da natureza e das cousas. Gratitude e admiración pola creación.
- O Poema da Creación. Gratitude por todo o creado.
- Escenificación de textos bíblicos adaptados.
- Gratitude polo regalo de Deus ás persoas. A Creación.
- Deus quere que nos amemos como El nos ama. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plan de Deus.
- A presenza de Xesús nas actividades cotiás. Os xogos de pistas.
- Resolución de pistas e desenvolvemento dun xogo.
- Actitude de alegría e participación en xogos propostos.
- Os símbolos relixiosos: a luz, a auga, o sal e o aceite.
- Os símbolos relixiosos. O aceite.
- Identificación dun novo significado de elementos do seu medio próximo.
- Curiosidade por coñecer a utilidade do aceite na época de Xesús.
- A narración bíblica da «Arca de Noé» e a súa representación artística.
- Secuencia de imaxes relacionadas cunha narración escoitada.
- Gusto e pracer por realizar actividades relacionadas coa historia da «Arca de Noé».
- O comportamento cos amigos, cos compañeiros da escola e coas persoas do medio.
- A unión do grupo-clase.
- Adecuación da propia conduta no desenvolvemento das actividades grupais.
- Valoración positiva da pertenza a un grupo unido.
- Os símbolos relixiosos: a luz, a auga, o sal e o aceite.
- Os símbolos relixiosos: A luz.
- Asociación da luz cun elemento propio do ámbito relixioso.

- Actitude de respecto cara aos elementos e símbolos relixiosos.
- Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos próximos ao neno.
- O Advento, tempo de espera para a chegada do Mesías.
- Atención e memoria visual e auditiva.
- Gozo dos preparativos para a celebración do Nadal.
- O amor de Xesús Cristo. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.
- O relato do nacemento de Xesús. Personaxes principais do belén.
- Identificación dos principais personaxes do belén e secuencia dos acontecementos.
- Gusto por coñecer e participar en tradicións do Nadal, desenvolvendo actitudes de cariño e tenrura cara aos personaxes do belén.
- Deus quere que nos amemos como El nos ama. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plan de Deus.
- Diferentes técnicas plásticas para fomentar a creatividade.
- Manipulación autónoma e creativa de materiais diversos.
- Iniciativa autónoma por participar en actividades plásticas, de baile e canto.
- Os símbolos relixiosos: a luz, a auga, o sal e o aceite.
- A auga na Biblia e como símbolo relixioso.
- Evocación de textos bíblicos relacionados coa auga.
- Valoración da auga como elemento indispensable para a vida.
- Xesús coida das persoas e preocúpase por elas. Algunhas pasaxes do Evanxeo: «A ovella perdida», «As vodas de Caná», «Xesús e os nenos».
- O relato bíblico de «As vodas de Caná».
- Narración e escenificación de «As vodas de Caná».
- Curiosidade por coñecer momentos importantes da vida de Xesús.
- O valor do domingo como festa do Señor Resucitado. Principais festas cristiás. O canto como expresión relixiosa de gabanza, alegría e gratitude.
- O sacramento do Bautismo.
- Análise dos elementos utilizados na celebración do Bautismo.
- Interese por descubrir os elementos propios do Bautismo.
- O comportamento cos amigos, cos compañeiros da escola e coas persoas do medio.
- A cooperación e a axuda aos demais.
- Expresión da actitude persoal necesaria para a consecución dun obxectivo común.
- Confianza nas propias posibilidades de axuda e colaboración cos demais.
- A Creación, obra de Deus e regalo para os seus fillos. Deus quere colaboración e respecto no coidado e uso da natureza e das cousas. Gratitude e admiración pola Creación.
- O símbolo do peixe, sinal de identidade dos primeiros cristiás.
- Identificación e asociación de símbolos co medio axeitado.
- Hábito de creación e de expresión simbólica.
- Xesús coida das persoas e preocúpase por elas. algunhas pasaxes do evanxeo: «a ovella perdida», «as vodas de Caná», «Xesús e os nenos».

- A historia de Zaqueo e a súa relación con Xesús.
- Comparación de palabras e comportamentos.
- Valoración dos comportamentos correctos coherentes coas ideas.
- O comportamento cos amigos, cos compañeiros da escola e coas persoas do medio.
- A amizade e o comportamento cos amigos.
- Expresión oral de sentimentos, experiencias e ideas.
- Interese e respecto polas opinións dos demais e a quenda de palabra.
- Valoración da saúde como regalo de Deus. Medios que Deus nos ofrece para conservar a saúde: a proximidade das persoas que nos atenden e queren, alimentos, vestido e limpeza.
- A axuda aos demais.
- Desenvolvemento da capacidade crítica das súas propias accións.
- Actitude reflexiva ante a necesidade de recibir e dar axuda.
- Algunhas palabras significativas para os cristiáns: Deus Pai, Xesús, o Fillo de Deus e amigo noso, a Virxe María nai de Xesús e nai nosa, a Igrexa.
- O pan e o viño, símbolos relixiosos e recordo do amor de Xesús polas persoas.
- Identificación do pan e do viño como recordo da mensaxe de Xesús.
- Curiosidade por coñecer a importancia dos símbolos pan e viño para os amigos de Xesús.
- O amor de Xesús Cristo. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.
- A Última Cea de Xesús cos seus apóstolos.
- Achegamento comprensivo a textos bíblicos referentes á vida de Xesús.
- Actitude de escoita atenta cara a narracións bíblicas sobre a vida de Xesús.
- Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos próximos ao neno.
- Obras de arte relixiosa. «A Última Cea» de Juan de Juanes.
- Participación activa nas conversas arredor dun cadro de arte relixiosa.
- Admiración e gozo ante a observación da beleza dunha obra de arte.
- A manifestación do amor cristián en acenos concretos: saudar, axudar, compartir as cousas, perdoar e ser perdoados, e axudar os compañeiros.
- Os sentimentos propios ao ofrecerlles cariño e axuda aos demais.
- Audición atenta das cancións e de pezas de música clásica.
- Gusto por expresarlles as súas ideas e sentimentos aos compañeiros.
- Os símbolos relixiosos: a luz, a auga, o sal e o aceite.
- O sal, como elemento moi valorado na antigüidade e como símbolo relixioso.
- Exploración das calidades dos obxectos a través dos sentidos e de accións.
- Curiosidade e interese por coñecer o valor humano e cristián do Sal.
- Deus é o noso Pai, cóidanos e invítanos a servir os demais.
- As ensinanzas de Xesús sobre Deus pai e a relación entre as persoas.
- Expresión verbal das propias ideas e sentimentos en relación coa mensaxe de Xesús.
- Gusto por descubrir que as ensinanzas teñen aplicación na vida diaria.
- A manifestación do amor cristián en acenos concretos: saudar, axudar, compartir as cousas, perdoar e ser perdoados e axudar os compañeiros.
- As calidades das persoas ao servizo dos demais.
- Análise de situacións persoais e as súas consecuencias para os demais.

- Actitude de orientación da propia conduta cara aos demais.
- Deus quere que nos amemos como El nos ama. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plan de Deus.
- A alegría, a colaboración e o respecto no ámbito familiar e escolar.
- Identificación das propias posibilidades de acción no colexio e na familia.
- Conianza en si mesmo e nas propias posibilidades de acción en relación cos demais.
- Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos próximos ao neno.
- A igrexa-templo lugar de unión e celebración dos cristiáns.
- Observación e evocación de imaxes e edificios relixiosos próximos.
- Interese por coñecer a igrexa como lugar de encontro e celebración.
- Deus fala. A Biblia, o libro santo dos cristiáns. Admiración e coidado do libro que contén a palabra de Deus.
- A Biblia descóbrenos a Xesús como o mellor amigo.
- Iniciación ao recordo de conceptos xa aprendidos e a súa aplicación.
- Valoración da Biblia como o mellor libro para os cristiáns.
- Valor do domingo como festa do Señor Resucitado. Principais festas cristiás. O canto como expresión relixiosa de gabanza, alegría e gratitude.
- O valor do domingo como festa de Xesús.
- Identificación de escenas que representan a festa do domingo.
- Disposición á celebración de acontecementos persoais e sociais.
- O comportamento cos amigos, cos compañeiros da escola e coas persoas do medio.
- A despedida do curso e o agradecemento a Xesús e Paporroibo.
- Participación en cantos, danzas e actividades festivas do final do curso.
- Manifestación de alegría e participación activa en festas de despedida.

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DENDE A ÁREA DE EDUCACIÓN RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA

Comunicación lingüística

- Comprender a linguaxe bíblica de relatos do Antigo e do Novo Testamento.
- Interpretar a linguaxe das parábolas e dos feitos de Xesús.
- Valorar a linguaxe testemuñal.
- Enriquecer o propio vocabulario.
- Enriquecer o propio vocabulario.

Social e cívica

- Asumir o valor da pertenza a un colectivo.
- Procurar o ben e a felicidade do próximo.
- Construír unha personalidade humana baseada na gratitude, na confianza, no amor aos demais, na caridade, na participación, na non-violencia, no perdón, na xustiza, na solidariedade, na doazón dun mesmo e na alegría.
- Mellorar as relacións interpersoais.
- Identificar as mostras de cariño e amor cara aos demais.
- Discriminar actitudes de solidariedade e entrega aos demais das que non o son.
- Valorar e admirar o testemuño de persoas que poñen a súa vida ao servizo dos demais.
- Ilusionarse en proxectos de vida altruísta e desinteresada.
- Admirar e valorar o testemuño dos cristiáns comprometidos coa sociedade e as necesidades humanas.
- Coñecer o testemuño dos cristiáns e sentirse invitado a segui-lo.
- Coñecer algúns dereitos humanos, relacionalos coa mensaxe cristiá e respectalos.

Cultural e artística

- Comprender o valor do feito relixioso na súa expresión artística.
- Coñecer e valorar obras de arte de contido relixioso.
- Aprender a interpretar a simboloxía en obras de arte de contido relixioso.
- Coñecer, cantar e comentar a mensaxe de cancións de contido relixioso.
- Coñecer a estrutura da Biblia, valorala e respectala como libro sacro.
- Comprender e asumir valores do feito relixioso na súa expresión teolóxica e universal.
- Conservar e valorar o patrimonio cultural.

Aprender a aprender

- Completar fichas de observación sistemática de obras de arte.
- Buscar, sintetizar, organizar e relacionar información e opinión.
- Buscar o ben e a verdade.
- Traballar en equipo para confeccionar carteis, murais, busca de información, obras de teatro, manualidades...

Autonomía e iniciativa persoal

- Descubrir a súa identidade persoal.
- Formarse desde dentro.
- Reflexionar sobre os propios sentimentos e actitudes.
- Liberarse de obstáculos que lle impiden vivir libremente.
- Aprender a vivir o perdón como resorte para ser feliz.
- Reflexionar sobre o amor e a confianza.
- Organizar e participar en campañas solidarias.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Valorar e coidar a natureza como creación de Deus.
- Valorar a beleza da natureza como obra creada por Deus.
- Identificar elementos do mundo natural que adquiren significado simbólico relixioso.

Matemática

- Adquirir a competencia da busca da verdade a través da razón e do razoamento.
- Coñecer o simbolismo dos números no contexto relixioso, bíblico e teolóxico.

Tratamento da información e competencia dixital

- Buscar, obter e analizar información sobre a realidade relixiosa.
- Contribuir á alfabetización dixital (uso do ordenador, Internet, páxinas web, documentos, imaxes, etc.).
- Navegar por internet por contidos específicos a área de relixión, tanto curriculares como do ámbito social, históricos e actuais, para buscar información, facela súa e transformala en coñecemento.
- Resolver actividades interactivas propias da área de Relixión para xogar co que se aprende.
- Uso parcial ou total das TIC, recursos online en Internet ou bien off line en CD ou DVD para realizar traballos individuais ou en grupo na clase de Relixión co uso dos equipos informáticos ou a pizarra dixital ou outros medios tecnolóxicos.

TEMPORALIZACIÓN DO SEGUNDO CICLO DE INFANTIL

4º DE EI

1ª avaliación

Paporroibo e a igrexa do outeiro.
Na casa de María de Nazaret.
Recén nacido no portal de Belén.

2ª avaliación

No deserto camiño a Exipto.
Na gran festa de Xerusalén.
Co seu curmán no río Xordán.

3ª avaliación

Nadando no porto oino falar.
Cóntame, cóntame outra vez a historia de Xesús, María.

5º de EI

1ª avaliación

Fíxenlle unha pregunta e ela dixo si.
Xosé e eu buscábamnos pousada en Belén.
Fomos todos a ver ao Neno Xesús.

2ª avaliación

Xogábamnos xuntos e disfrutábamnos moito.
Todo comezou cando o vin no Xordán.
A miña vida cambiou cando o coñecín.

3ª avaliación

Xesús díxome: Eu sempre estarei con vos.
Xesús entregoume unha chave moi especial.

6º de EI

1ª avaliación

A igrexa do outeiro.
A gran oliveira.
O bosque da luz.

2ª avaliación

O río da auga clara.

A ponte dos peixes.

O campo do pan e do viño.

3ª avaliación

As montañas do sal.

O campañario da igrexa.

Temporalización das unidades – 4º EI

CRA Valdoviño			curso 2020/2021					
1ª AVALIACIÓN			2ª AVALIACIÓN			3ª AVALIACIÓN		
MES	SEMANA	TEMA	MES	SEMANA	TEMA	MES	SEMANA	TEMA
SETEMBRO	2	1	XANEIRO	2	4	ABRIL	3	7
	3	1		3	4		4	7
	4	1		4	4		5	7
OUTUBRO	1	1	FEBREIRO	1	4	MAIO	1	7
	2	1		2	5		2	7
	3	2		3	5		3	8
	4	2		4	5		4	8
	5	2						
NOVEMBRO	1	2	MARZO	1	5	XUÑO	1	8
	2	2		2	6		2	8
	3	3		3	6		3	8
	4	3		4	6			
DECEMBRO	1	3	ABRIL	1	6			
	2	3						
	3	3						

Temporalización das unidades – 5º EI

CRA Valdoviño			curso 2020/2021					
1ª AVALIACIÓN			2ª AVALIACIÓN			3ª AVALIACIÓN		
MES	SEMANA	TEMA	MES	SEMANA	TEMA	MES	SEMANA	TEMA
SETEMBRO	2	1	XANEIRO	2	4	ABRIL	3	7
	3	1		3	4		4	7
	4	1		4	4		5	7
OUTUBRO	1	1	FEBREIRO	1	4	MAIO	1	7
	2	1		2	5		2	7
	3	2		3	5		3	8
	4	2		4	5		4	8
	5	2						
NOVEMBRO	1	2	MARZO	1	5	XUÑO	1	8
	2	2		2	6		2	8
	3	3		3	6		3	8
	4	3		4	6			
DECEMBRO	1	3	ABRIL	1	6			
	2	3						
	3	3						

Temporalización das unidades – 6º EI

CRA Valdoviño			curso 2020/2021					
1ª AVALIACIÓN			2ª AVALIACIÓN			3ª AVALIACIÓN		
MES	SEMANA	TEMA	MES	SEMANA	TEMA	MES	SEMANA	TEMA
SETEMBRO	2	1	XANEIRO	2	4	ABRIL	3	7
	3	1		3	4		4	7
	4	1		4	4		5	7
OUTUBRO	1	1	FEBREIRO	1	4	MAIO	1	7
	2	1		2	5		2	7
	3	2		3	5		3	8
	4	2		4	5		4	8
	5	2						
NOVEMBRO	1	2	MARZO	1	5	XUÑO	1	8
	2	2		2	6		2	8
	3	3		3	6		3	8
	4	3		4	6			
DECEMBRO	1	3	ABRIL	1	6			
	2	3						
	3	3						

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

O ensino da relixión debe orientarse a axudar aos alumnos a construír un pensamento fundamentado, sistemático e autocrítico a cerca dos principais conceptos, procedementos e actitudes relixiosos.

1. POSICIÓN CONSTRUCTIVISTA NO PROCESO DE ENSINO- APRENDIZAXE.

- Protagonismo do alumnado no proceso, esta participación deberá ser tanto física e psicomotora como mental.
- Elaboración do coñecemento partindo da realidade e das experiencias do neno ata chegar a elaboracións e construcións máis complexas.
- Implicación dos nenos na construción dos aprendizaxes, os diálogos, os coloquios, as dramatizacións, os debates ou as cancións, constitúen técnicas que serviran ao desenvolvemento do principio de socialización.

2. CONTEXTUALIZACIÓN ANTROPOLÓXICA E EXPERIENCIAL.

- Pártese das experiencias e imaxes a cerca do tema obxecto de estudio. Obsérvanse, coméntanse e lévanse a cabo exercicios de comprensión e aplicación á súa propia realidade.
- Faise unha lectura dos relatos e traballamos con eles para facilitar a asimilación e aplicación.
- Facemos unha síntese que expón o contido fundamental.

3. PRESENTACIÓN DE FEITOS E PALABRAS DE XESÚS.

- Preséntase de forma gráfica en viñetas aspectos concretos do A.T. e do N.T. Levándose a cabo a lectura e análise das viñetas e realizándose exercicios de comprensión de textos e das lecturas.
- Relaciónase a mensaxe relixioso das viñetas e as experiencias suscitadas.
- Realizamos unha síntese que propón de forma resumida o tratado.

4. AMPLIACIÓN, RELACIÓN E APLICACIÓN DE CONTIDOS.

- Exercicios de comprensión, relación ampliación e profundización.
- Expresión artística e cultural do contido relixioso.
- Síntese conclusiva para chegar a formulación de novos contidos relixiosos.

5. RECAPITULACIÓN, SÍNTESE E AVALIACIÓN.

- Comprobación do aprendido.
- Cancións que sintetizan contidos e estimulan a aprendizaxe.
- Pasatempos, propostas lúdicas que permiten manter a motivación e fomentar a creatividade.

ESTRUTURA DAS UNIDADES

FICHA 1: ADIVIÑA QUEN FALA CON PAPORROIBO

En cada unha das unidades, Paporroibo escoita un dos amigos de Xesús. O seu desexo de todos os días é sempre o mesmo:

Cóntame, cóntame onde o coñeciches...!!!

Nesta primeira ficha, o personaxe preséntase e establece un diálogo no que narra unha parte da vida de Xesús.

FICHA 2: ESCOITA o que nos conta...

Narración do momento histórico. Ao longo desta ficha continúa a narración do personaxe.

Paporroibo «está tomando nota» e logo el buscará como achegar á vida cotiá a mensaxe de Xesús, que está escoitando.

FICHA 3: ESCOITA o que nos conta...

Ficha 3: sigue a narración do momento histórico. Ao longo desta ficha a narración do personaxe continúa achegando máis datos interesantes.

FICHA 4: SIGUE AS SÚAS PEGADAS...

Ficha 4: a partir do escoitado, Paporroibo trata de trasladar a mensaxe de Xesús á realidade dos nenos a través dunha dinámica próxima a eles. É o momento de seguir as pegadas dese Amigo tan especial que habita na Igrexa do Outeiro.

FICHA 5: ...E CÓNTO

Paporroibo quere que gocemos co que escoitou e aprendeu, e que llelo poidamos contar aos demais. Nesta ficha realizaremos un pequeno traballo manual que os nenos e as nenas se levarán á casa. Desta forma, traballamos a relación entre o colexio e as familias, e ofrecémoslle ao neno un elemento que incite o diálogo, que lle permita falar do que viviu e coñeceu.

PALETA DE CORES

É o espazo dedicado expresamente á arte relixiosa e á expresión artística do neno.

- Presentación de pintura de temática relixiosa cunhas preguntas para que respondan os nenos e para desenvolver a súa capacidade de observación.
- Presentación dun obradoiro que realizarán os nenos na clase.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios na educación infantil pretenden ser para o profesor de relixión algúns indicadores na avaliación continua e observación dos nenos para poder reconducir a súa propia aprendizaxe. Coñecer o neno e axudalo no seu crecemento é o criterio esencial. Calquera avaliación que se pretenda nesta etapa deberá realizarse globalmente coas mutuas observacións e informacións dos restantes ámbitos de experiencia.

1. Saber observar os referentes relixiosos do seu medio.
2. Saber o significado das palabras con sentido relixioso máis usuais no seu propio vocabulario.
3. Respetar os signos e símbolos relixiosos do seu medio.
4. Familiarizarse cunha primeira síntese de fe.
5. Adquirir o gusto polo bo obrar.
6. Apreciar os valores cristiáns que facilitan a convivencia.

MATERIAIS E RECURSOS

Empréganse fichas de traballo, libros de contos, Biblias infantís e outros libros de carácter relixioso adaptados á idade, posters, xogos lúdicos e educativos, materiais para facer manualidades, cd's de audicións, dvd de relatos bíblicos, vídeos de debuxos animados sobre a figura de Xesús, dvd's de historias da Biblia e xogos de ordenador e na pizarra dixital.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Non fai so referencia ás respostas e progreso dos alumnos, senón que ten que ser unha valoración de todo o proceso de aprendizaxe, polo que é necesario elaborar uns criterios que teñan que ver cos obxectivos da etapa e os alcance ao final desta.

A avaliación debe ser:

- Inicial: coñecemento da situación real da que temos que partir.
- Continua e formativa: vai permitir non so valorar os coñecementos alcanzados polos alumnos, senón tamén reaxustar ou reconducir se fose necesario o proceso de aprendizaxe.
- Sumativa: o grao no que se alcanzan os obxectivos propostos en todo o proceso educativo.

Avaliase seguindo o traballo desenvolvido polos alumnos nas fichas de traballo, así como nas distintas actividades a realizar: xogos lúdicos e educativos, cancións e audicións, traballos cooperativos, vídeos, traballos manuais, lecturas, actividades no ordenador e na pizarra dixital.

Para a avaliación procederase a un seguemento continuo dos diferentes aspectos sinalados, sen esquecer a actitude do alumnado e o seu interese e esforzo.

MÍNIMOS ESIXIBLES

CONTIDOS MÍNIMOS DE 4º DE EI

- Mantén a atención en narracións e audicións curtas.
- Relaciónase cos demais, nenos e adultos.
- Participa nas actividades grupais.
- Identifica a María, a nai de Xesús.
- escoita e comenta as adaptacións bíblicas.
- Saúda os seus compañeiros e adultos no colexio.
- Nomea os membros da súa familia e conta vivencias familiares.
- Identifica e reconece os personaxes do belén.
- Narra momentos de alegría relacionándoos cos cantos.
- escoita e comprende a adaptación bíblica do nacemento de Xesús.
- Reconece as panxoliñas como cancións propias do Nadal.
- Amosa interese por coñecer a vida de Xesús.
- expresa sentimentos de alegría e gratitude.
- Presta atención en actividades de observación.
- Participa nas actividades propostas.
- Identifica a infancia na vida das persoas.
- escoita textos bíblicos adaptados.
- Amosa interese por resolver conflitos pacificamente.
- expresa sentimentos e participa con alegría nas actividades.
- Distingue etapas da vida de Xesús e reconece o Bautismo como un momento moi importante.
- Reconece a Xoán Bautista como curmán de Xesús.
- Identifica e realiza accións correctas de axuda e colaboración.
- manifesta o seu cariño con alegría cara ás persoas do seu medio.
- Identifica a Xesús e sabe que elixiu uns amigos.
- Reconece o cariño dos Apóstolos cara a Xesús.
- escoita con atención individual e colectivamente.
- Manifestase mediante diferentes medios de expresión.
- Reconece a Virxe María como nai de Xesús.
- Describe obras de arte relixiosa.
- Lembra os contidos relixiosos traballados ao longo do curso.
- Participa en actividades plásticas con respecto e interese.

CONTIDOS MÍNIMOS DE 5º DE EI

- Identifica o anxo Gabriel como mensaxeiro enviado a María.
- Narra, coas súas palabras, a Anunciación.
- Manifesta alegría e interese por volver escoitar a Paporroibo.
- Participa en xogos e actividades propostas.
- Escoita con atención e comprende narracións bíblicas adaptadas.
- Interésase por buscar información sobre Xesús e a súa familia.
- Amosa iniciativa na solución de situacións diversas.
- Respecta os demais e valora a súa opinión.
- Coñece o motivo da celebración do Nadal.
- Identifica e nomea con cariño os principais personaxes do belén.
- Describe escenas observadas en cadros relixiosos.
- Expresa tradicións do Nadal e colabora na preparación das festas.
- Coñece a relación que unía a Xoán Bautista e Xesús.
- Sente proximidade e cariño cara a Xesús Neno.
- Recoñece e verbaliza diferentes sentimentos e emocións.
- Expresa e valora situacións de coidado e atención por parte de persoas próximas.
- Identifica a Andrés como un amigo de Xesús.
- Describe ilustracións e narra o que ve.
- Coñece que a oración é a comunicación con Xesús.
- Comunícase correctamente cos demais.
- Narra feitos da vida de Mateo.
- Recoñece elementos relixiosos do medio.
- Identifica o domingo como o día da festa de Xesús.
- Participa e colabora en actividades e xogos grupais.
- Identifica as diferentes emocións de María Magdalena na Resurrección de Xesús.
- Diferencia reaccións distintas dos apóstolos ante a boa noticia.
- Manifesta sentimentos a través de diferentes medios de expresión.
- Verbaliza información obtida do medio sobre elementos da Pascua.
- Recoñece a Pedro e a súa relación con Xesús.
- Relaciona a palabra Igrexa cos amigos de Xesús.
- Despídese de Paporroibo con cariño e lembra os nomes dos seus amigos.
- Utiliza diferentes medios de expresión.

CONTIDOS MÍNIMOS DE 6º DE EI

- Escoita con atención narracións e utiliza a información obtida.
- Verbaliza recordos e emocións relacionadas con Xesús e Paporroibo.
- Amosa interese por coñecer a Biblia e as súas historias.
- Secuencia o relato bíblico do Poema da Creación.
- Participa e colabora na resolución de pistas e no desenvolvemento do xogo.
- Amosa interese por coñecer diferentes usos do aceite.
- Recoñece os personaxes principais e narra os momentos destacados da historia da «Arca de Noé».
- Respecta os demais e comparte os seus xogos con eles favorecendo a unión.
- Identifica elementos relixiosos no medio.
- Coñece o Advento e relaciónao coa celebración do Nadal.
- Nomea e demostra cariño polos principais personaxes do belén, narrando os feitos.
- Utiliza con corrección e autonomía materiais diversos e participa nas actividades musicais.
- Lembra e verbaliza algunha narración bíblica na que apareza a auga.
- Relaciona a pasaxe de «As vodas de Caná» co amor de Xesús cara ás persoas.
- Amosa interese por observar e identificar os elementos principais do Bautismo.
- Colabora cos seus compañeiros na realización de tarefas comúns.
- Identifica o peixe como símbolo dos amigos de Xesús.
- Secuencia os momentos principais da historia de Zaqueo.
- Valora a amizade e descobre que axuda a ser feliz.
- Expresa a súa opinión e actúa en consecuencia sobre a relación cos demais.
- Coñece a Última Cea de Xesús e a importancia do pan e do viño.
- Escoita as audicións e relaxacións con interese e atención.
- Participa máis en actividades de observación de obras de arte relixiosa.
- Amosa interese polas necesidades dos demais ofrecéndolles axuda.
- Identifica o sal como alimento e como símbolo relixioso.
- Amosa interese por coñecer máis cousas sobre a mensaxe de Xesús.
- Relaciónase con compañeiros e adultos con actitudes de cariño e respecto.
- É capaz de amosar confianza en si mesmo na relación cos demais.
- Coñece a igrexa como lugar no que se reúnen os amigos de Xesús.
- Recoñece e nomea a Biblia como libro que nos fala de Xesús e das súas ensinanzas.
- Identifica o domingo como día da semana no que se celebra a festa de Xesús.
- Participa e goza da preparación e celebración do final do curso.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En todos os cursos, para aqueles nenos que presenten necesidades educativas especiais, potenciarase a súa aprendizaxe con fichas de reforzo ou ampliación en cada unidade, así como as diversas actividades de carácter xeral, serán adaptadas ás súas capacidades.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A área de relixión participa colaborando en todas as actividades realizadas no centro e organizando algunhas en función da disponibilidad de actividades en cada curso escolar, tanto no propio centro escolar como en forma de saída.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación do alumnado farase tendo en conta unhas porcentaxes:

- Cumprimento dos criterios de avaliación (50%)
- O esforzo do alumnado na realización das tarefas (15%)
- Interese amosado polo alumnado nas tarefas propostas (15%)
- A participación activa nas tarefas e a actitude na clase (10%)
- A presentación das tarefas (10%)

CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Na clase relixión foméntase a lectura dende diversas actuacións: con contos ou relatos bíblicos. Todas estas actividades realízanse con materiais adaptados ás diversas idades.

Cun carácter máis lúdico, realízanse xogos ou dramatizacións de lecturas.

Así mesmo, a clase de relixión colabora co equipo da biblioteca en todas aquelas actividades desenvolvidas no Plan lector do centro.

CONCRECIÓN DO PLAN TIC

A área de relixión emprega de xeito habitual as novas tecnoloxías da información e da comunicación, dende as tradicionais audicións de cancións, ata os programas e xogos educativos por ordenador ou na pizarra dixital, pasando polas diapositivas tradicionais, presentacións en powerpoint de diferentes temas, ou polos vídeos/dvd de temática relixiosa ou con valores cristiáns.

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Fomentárase a resolución de conflitos e a convivencia entre o alumnado.

Potenciárase o respecto ás diferencias e garantírase a inclusión do alumnado independentemente das súas características.

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Esta programación pretende ser desenvolvida na súa integridade para favorecer a aprendizaxe do alumnado, non obstante debemos establecer unha normas que fixen a consecución dos obxectivos plantexados:

Grao de consecución dos obxectivos marcados.

Grao de satisfacción do alumnado coa clase.

Grao de satisfacción do profesor coa programación desenvolvida.

Unha vez feita esta análise procederáse á reelaboración da programación co fin de solventar as deficiencias atopadas no seu desenvolvemento.

CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

O alumnado recibe información sobre a asignatura e sobre das diversas actividades a desenvolver, da súa finalidade e intencionalidade, dando sempre a información que eles requiren sobre as mesmas.

Tamén recibe información sobre as súas cualificacións, tanto de xeito preventivo (antes de ser cualificado definitivamente) como con posterioridade.

ANEXO I - MEDIDAS COVID

Na asignatura realízanse todas as medidas adoptadas no Plan COVID do centro, en todos os seus aspectos: medidas hixiénicas, limpeza de material, distancia de seguridade entre alumnado, ventilación, movementos controlados, asignación de espazos, etc.

Dada a situación especial na que nos atopamos, plantéxase a necesidade de establecer unhas canles de traballo no caso de non ser viable a educación presencial polo desenvolvemento negativo da pandemia.

Neste apartado, tanto a educación mixta como puramente non presencial, levaríase adiante coas ferramentas de que dispón no centro: comunicación Abalar móbil, páxina web, email do profesor; webex e aula virtual. Non debendo esquecer a posibilidade doutras ferramentas tecnolóxicas que podan aparecer e que favorecesen o ensino non presencial.